

**MEMORIA PARA O PROGRAMA
CONXUNTO DE ESTUDOS OFICIAIS
DO GRAO EN TURISMO E O GRAO EN
XEOGRAFÍA E HISTORIA
(Campus de Ourense)**

Aprobado en:

Xunta Facultade Ciencias Empresariais e Turismo o 24 de febreiro de 2017

Xunta Facultade de Historia o 24 de febreiro de 2017

Consello de Goberno de

20 de marzo 2017

Preámbulo

A Universidade do Vigo, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un/ha estudante poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Xeografía e Historia e Grao en Turismo no Campus de Ourense, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado polas facultades de Historia e de Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais.

A simultaneidade (programa conxunto) do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia regularanse, como todos os plans conxuntos da Universidade de Vigo pola **NORMATIVA DE PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO NA UNIVERSIDADE DE VIGO** (aprobada no Consello de Goberno de 23 de Xuño de 2015 e modificada no Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016 e de 22 de xullo de 2016).

Non obstante, a normativa xeral esixe en cada caso a concreción e o desenvolvemento de algúns aspectos por parte dos Centros que colaboran na impartición do programa. A seguinte normativa, respectando escrupulosamente os contidos da xeral, supón unha concreción e desenvolvemento dos contidos daquela.

Artigo 1. Autorización do programa

A Universidade de Vigo autoriza a posta en marcha dun programa conxunto de estudos oficiais de grao (PCEO) proposto pola Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e pola Facultade de Historia que permite simultanear os estudos de Grao en Turismo e os estudos de Grao en Xeografía e Historia mediante unha ordenación temporal das diferentes materias que se van cursar, a partir dos planos de estudos oficiais, e tendo en conta o establecido nos artigos seguintes.

Artigo 2. Titulacións que se obterán

O alumnado que supere o PCEO TURISMO - XEOGRAFIA E HISTORIA obterá os dous títulos oficiais de Graduado/a en Turismo e Graduada/o en Xeografía e Historia pola Universidade de Vigo.

Artigo 3. Duración do programa

Terá unha duración de once cuatrimestres. O número de créditos necesario para superar o programa será de 390 ECTS, dos cales 108 ECTS se corresponden con créditos de formación básica e 282 ECTS materias obrigatorias, distribuídos da forma que se reflicte no ANEXO I.

Créditos Formación Básica	108 ECTS
Créditos Obrigatorios	234 ECTS
Prácticas:	24 ECTS
<u>TFGs:</u>	24 ECTS
TOTAL	390 ECTS

Artigo 4. Centro responsable do programa

1. Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico de cada estudante así como para a tramitación das bolsas do alumnado, acórdase designar á Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo como centro responsable da súa tramitación e custodia; sen prexuízo do disposto no artigo 13 da Normativa de Programa conxunto de estudos oficiais de grao para o procedemento de expedición de títulos oficiais.
2. Cada unha das dúas facultades ofrece dentro dos seus respectivos graos prácticas externas ás que poden acceder os estudantes do PCEO; cada unha das dúas facultades responsabilizarase da xestión do seu propio programa de prácticas externas e do seu programa de intercambio; no caso en que o estudante desexe facer un programa de intercambio con materias de ambos graos, o centro responsable da xestión administrativa do PCEO, encargarse do proceso.

Artigo 5. Centro de impartición do ensino

1. Os cursos impartiranse na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e na Facultade de Historia.
2. Deberá garantirse un horario de clases en franxas horarias, tanto teóricas como prácticas, que permita ao estudantado organizar o seu tempo adecuadamente para facilitar o estudo e a realización das actividades formativas do PCEO e que contribúa a súa integración na vida de cada Centro.
3. Os horarios para todo o curso, con indicación precisa do lugar de impartición das clases, así como as datas de exames deberán publicarse na guía conxunta para as dúas titulacións, que estará a disposición do alumnado con anterioridade ao período de matrícula.

Artigo 6. Coordinación do PCEO

A coordinación do PCEO corresponderá conxuntamente ás persoas coordinadoras do Grao en Turismo e do Grado en Xeografía e Historia, salvo que o a persoa titular do decanato dun centro decida delegar nun vicedecano/a a coordinación do grao do respectivo centro no PCEO.

Ademais establecerase un órgano coordinador formado polas persoas titulares dos decanatos e as coordinadoras dos graos de ambos os dous centros no PCEO. Esta comisión, cando existan dificultades na coordinación que o fagan convinte, reunirse a instancias de calquera dos dous decanatos.

Artigo 7. Número de estudantes

1. Para o curso académico 2017/2018 ofértanse 10 prazas.
2. O 50% destas prazas detraeranse das prazas correspondentes á oferta do Grao en Turismo e o 50% das prazas correspondentes á oferta do grao en Xeografía e Historia. No sucesivo, o límite será o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno.
3. Para o curso académico 2017/2018 ofértanse 1 praza para traslado desde outro PCEO equivalente.
4. De forma excepcional, cada ano un máximo de dous estudantes matriculados en Xeografía e

Historia e outros dous matriculados en Turismo poderán incorporarse ao PCEO. Soamente serán admitidas solicitudes de estudantes cuxa nota media no grao de orixe sexa igual ou superior a 7 puntos sobre 10. En caso de haber máis solicitudes que prazas, a selección efectuarase de forma regulada en función da nota media do expediente académico.

5. Cada ano poderán admitirse ata un máximo de dous estudantes procedentes doutro PCEO equivalente doutras universidades españolas. En caso de haber máis solicitudes que prazas, a selección efectuarase de forma regulada en función da nota media do expediente académico.

Art. 8. Admisión de estudantes

A admisión de estudantes farase conforme á Normativa de programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.

Art. 9. Traslado de expediente

1. Os traslados de expedientes rexeranse pola Normativa de programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.
2. Os estudantes do programa conxunto que o desexen poderán solicitar o seu traslado a outra Universidade para facer o mesmo PCEO.

Disposición Final.

Una vez aprobada, esta normativa entrará en vigor no curso académico 2017/18.

ANEXO I

PLANIFICACIÓN TEMPORAL DA DOCENCIA

1º Turismo- Xeografía e Historia

Empresa: contabilidade de organizacións turísticas I (FB-6)	Historia: Metodoloxía da Historia [FB-6]
Empresa: dirección e xestión de entidades turísticas I (FB-6)	Historia: Introducción á Historiografía [FB-6]
Economía: introdución á economía (FB-6)	Prehistoria Universal [OB-6]
Xeografía: o turismo no mundo actual (FB-6)	Xeografía: Fundamentos de Xeografía Humana [FB-6]
Socioloxía: socioloxía do turismo (FB-6)	Arte: Arte Clásica [FB-6]
	Idioma moderno: inglés para o turismo (FB-9)
30	39

2º Xeografía e Historia- Turismo

Historia: Introducción á etnoloxía [FB-6]	Empresa: dirección e xestión de entidades turísticas II (FB-6)
Hª Antiga Universal [OB-6]	Empresa: contabilidade de organizacións turísticas II (FB-6)
Arte: Linguaxes e Técnicas Artísticas [FB-6]	Dereito: lexislación turística (FB-9)
Historia: Fontes de Información en Humanidades [FB-6]	Estatística (OB-6)
Xeografía: Fundamentos de Xeografía Física [FB-6]	Linguas estranxeiras para o turismo II: inglés- alemán/francés/portugués (OB-6)
Linguas estranxeiras para o turismo I: inglés- alemán/francés/portugués (OB-6)	Patrimonio cultural (OB-6)
36	39

3º Turismo-Xeografía e Historia

Economía aplicada ao turismo (OB-6)	Hª Moderna Universal [OB-6]
Mercadotecnia turística (OB-6)	Hª Contemporánea Universal [OB-6]
Xestión de recursos humanos en empresas turísticas (OB-6)	Teoría e Método da Arqueoloxía [OB-6]
Linguas estranxeiras para o turismo III: inglés-alemán/francés/portugués (OB-6)	Hª da Arte Medieval [OB-6]
Hª Medieval Universal [OB-6]	Arqueoloxía Aplicada [OB-6]
	Xestión de aloxamentos (OB-6)
30	36

4º Xeografía e Historia-Turismo

Prehistoria da Península Ibérica [OB-6]	Distribución turística (OB-6)
---	--------------------------------------

Hª Antiga da Península Ibérica [OB-6]	Planificación pública do desenvolvemento turístico (OB-6)
Hª Medieval da Península Ibérica [OB-6]	Promoción turística (OB-6)
Hª América Precolombina e Colonial [OB-6]	Linguas estranxeiras para o turismo IV: inglés-alemán/francés/portugués (OB-6)
Hª da Arte Moderna [OB-6]	Investigación de mercados turísticos (OB-6)
Paleografía [OB-6]	Fiscalidade de empresas turísticas (OB-6)
36	36

5º Turismo-Xeografía e Historia

Turismo e desenvolvemento económico territorial (OB-6)	Hª Moderna de España [OB-6]
Sistemas de información para a xestión turística (OB-6)	Hª Contemporánea de España [OB-6]
Xestión de restauración (OB-6)	Historia: Mundo Actual [OB-6]
Xestión de recursos financeiros (OB-6)	Hª da Arte Contemporánea [OB-6]
Recursos territoriais (OB-6)	Xeografía: Sistemas Representación Xeográfica [OB-6]
	Prácticas (OB-12)
30	42

6º Xeografía e Historia-Turismo

Prácticas [OB-12]	
TFG [OB-12]	
TFG (OB-12)	
36	

390 ECTS a superar: FB - 60 Turismo + 48 Xeograf e Hª= 108 ECTS

OB - 144 Turismo + 138 Xeograf e Hª= 282 ECTS

ANEXO II

A) Os créditos das seguintes disciplinas optativas do Grao en Turismo reconeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias ou de formación básica do Grao en Xeografía e Historia

Táboa de recoñecementos:

Materias obrigatorias -Grao en Xeografía e Historia	Recoñecementos - Grado en Turismo
Prehistoria Universal	6 ECTS de optatividad
Historia Antiga Universal	6 ECTS de optatividad
Historia Medieval Universal	6 ECTS de optatividad
Historia Moderna Universal	6 ECTS de optatividad
Historia Contemporánea Universal	6 ECTS de optatividad
Mundo Actual	6 ECTS de optatividad

B) Os créditos das seguintes disciplinas optativas do Grao en Xeografía e Historia reconeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias ou de formación básica do Grao en Turismo

Táboa de recoñecementos:

Materias obrigatorias - Grao en Turismo	Recoñecementos - Grao en Xeografía e Historia
Patrimonio cultural	6 ECTS de optatividad
Recursos territoriais	6 ECTS de optatividad
Economía Aplicada ao Turismo	6 ECTS de optatividad
Planificación pública do desenvolvemento Turístico	6 ECTS de optatividad
Promoción Turística	6 ECTS de optatividad
Turismo e desenvolvemento económico territorial	6 ECTS de optatividad

C) Os créditos das seguintes materias de Xeografía e Historia non incluídas no PCEO Turismo - Xeografía e Historia se recoñecen polas materias do Grao en Turismo

Táboa de recoñecementos:

Materias - Grao en Xeografía e Historia	Materias - Grao en Turismo
Inglés para Humanidades Xeografía Aplicada. Territorio e Paisaxe Diplomática e Arquivística	Inglés para o turismo Recursos Territoriais Patrimonio Cultural